ESPÍRITO INDOMABLE

XOVES 5 NOVEMBRO 2026
Auditorio de Galicia, 20.00 h

CONVERSANDO CON...
Baldur Brönnimann e Magnus Lindberg
Sala Mozart, 19.15 h

Baldur Brönnimann, director
Roman Simovic, violín

MEMORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

AUDITORIO DE GALICIA

CONSORCIO DE SANTIAGO · GOBIERNO DE ESPAÑA · CONCELLO DE SANTIAGO · XUNTA DE GALICIA · AUDITORIO DE GALICIA · Deputación DA CORUÑA

Compostela Cultura

PROGRAMA

I

MAGNUS LINDBERG (1958)
Concerto para violín núm. 1

II

ANTONÍN DVOŘÁK (1841-1904)
Sinfonía núm. 7 en Re menor, op. 70, B. 141

Allegro maestoso

Poco adagio

Scherzo. Vivace

Finale. Allegro

Duración aproximada do concerto: 90 minutos (con pausa)
Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I
James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Ildiko Oltai
Leticia Herranz
Daniel Kordubaylo
Sofía Gaona ***
Michal Ryczel
Emma Scott ***
Ilya Fisher
Victoria Jurov
Anna Alexandrova

VIOLÍNS II
Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Mario Fernández ***
Enrique Roca
Esther Borreguero ***
Helena Sengelow
Irina Gruia

VIOLAS
Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Joaquín Toledo ***
Lian Iglesias ***
Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS
Millán Abeledo *
Thomas Piel **
Manuel Lorenzo
Martín Herrera ***
Carlos García
Sara Balboa ***

CONTRABAIXOS
Carlos Méndez *
José Parra ***
Amador Del Pozo

FRAUTAS
Laurent Blaiteau *
Carlos Cascales **

ÓBOES
Christina Dominik *
Esther Viúdez *

CLARINETES
Beatriz López*
Vicente López**

FAGOTS
Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS
Alfredo Varela *
Xabier Ramón **
Jorge Ortega *
Jorge A. Ortega ***

TROMPETAS
Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL
José Vicente Faus *

TROMBÓNS
Arturo Centelles (R)
David M. Rodríguez (R)
Brais Molina (R)

*** principal ** coprincipal *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) (R) reforzo**

Baldur Brönnimann
Director

Baldur Brönnimann é un director de orquestra de gran flexibilidade e cunha visión aberta para a creación de programas e a práctica musical. Está profundamente comprometido en facer que a música clásica sexa relevante no século XXI e, con este obxectivo, traballa activamente como comisario de novas obras e como curador de festivais e ciclos.

É director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais, director do programa Contemporary-Conducting na Lucerne Festival Academy e cofundador do Between Mountains Festival en Suíza, unha celebración de 24 horas de música clásica, ambiental, electrónica e contemporánea, que se lanzou en xullo de 2025.

Dirixiu interpretacións de referencia de obras de compositores como Saariaho, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel, Birtwistle e Zimmermann en festivais como Lucerne, Wien Modern, Darmstadt, Donaueschingen, Grafenegg, Mostly Mozart no Lincoln Center e nos BBC Proms. É tamén altamente valorado por compositores vivos como Chin, Lachenmann e Neuwirth.

Brönnimann actúa regularmente por toda Europa. Na tempada 25/26 destacan os seus debuts co Antwerp Symphony, Philharmonisches Orchester Freiburg e Musikkollegium Winterthur, así como o seu regreso á WDR Symphony, á Iceland Symphony e á Helsingborg Symphony.

No ámbito operístico, dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, na Komische Oper Berlin e no Teatro Colón de Bos Aires, tanto na produción de La Fura dels Baus como na de Barrie Kosky. Tamén levou á escena *The Death of Klinghoffer* de John Adams na English National Opera, *L'amour de*

loin de Saariaho no Bergen Festival e na Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien. No Teatro Colón tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski, *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann co propio compositor como narrador, así como *Die Soldaten* de Zimmermann. Na tempada 25/26 regresou á English National Opera cunha nova produción de *Angel's Bone* de Du Yun.

En 2023 foi nomeado director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago de Compostela. O enfoque das súas tempadas céntrase no apoio a novos músicos, compositores e directores, no fomento dunha interacción máis próxima coas comunidades locais e na creación de novos formatos de concerto destinados a atraer novos públicos.

Anteriormente foi director titular da Basel Sinfonietta (2016–2023), director titular da Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música (2014–2020), director artístico do BIT20 Ensemble, principal agrupación de música contemporánea de Noruega (2011–2015) e director musical da Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá (2008–2012).

Nado en Suíza, Brönnimann formouse na City of Basel Music Academy e no Royal Northern College of Music en Manchester, onde posteriormente foi nomeado profesor visitante de dirección orquestral. Actualmente reside en Madrid.

Roman Simovic
Violín

Roman Simovic destaca polo seu brillante virtuosismo e por unha musicalidade aparentemente innata, alimentada por unha imaxinación sen límites, que o levou a actuar en todos os continentes e nos principais escenarios internacionais, xunto a orquestras como a London Symphony Orchestra, a Mariinsky Theatre Symphony Orchestra, o Teatro Regio Torino, a Franz Liszt Chamber Orchestra (Hungría), a Camerata Bern (Suíza), a Camerata Salzburg (Austria), a Prague Philharmonia, a RTE Madrid, a OSESP de São Paulo ou a Academy St. Martin in the Fields, e baixo a dirección de mestres como Valery Gergiev, Antonio Pappano, Daniel Harding, Gianandrea Noseda, Kristian Järvi, Sir Simon Rattle, Jiří Bělohlávek, Pablo Heras-Casado, Nikolai Znaider ou Thomas Søndergård, entre outros.

Artista moi solicitado, Roman Simovic foi convidado e continúa actuando en destacados festivais como o Verbier Festival, o White Nights Festival de San Petersburgo, o Trans-Siberian Art Festival de Vadim Repin, o Easter Festival de Valery Gergiev en Moscova, o Dubrovnik Summer Festival en Croacia, o Sion Valais en Suíza, o Bergen Festival en Noruega, o Moscow Winter Festival en Rusia, o Portogruaro Festival en Italia ou o Festival de Música y Danza de Granada en España. Nestes encontros colaborou con recoñecidos artistas como Leonidas Kavakos, Yuja Wang, Gautier Capuçon, Misha Maisky, Shlomo Mintz, François Leleux, Itamar Golan, Simon Trpčeski, Janine Jansen, Julian Rachlin, Pablo Ferrández, Vadim Repin, Evgeny Kissin, Antoine Tamestit, Antonio Meneses ou Nikolai Lugansky, entre outros.

Roman é profesor convidado de violín na Royal Academy of Music de Londres e conta cunha ampla experiencia como docente. Impartiu clases maxistrais nos Estados Unidos, Reino Unido, Corea do Sur, Xapón, Australia, Italia, Suecia, Suíza, Serbia, Montenegro e Israel, así como no Verbier Festival, onde actúa con fre-

cuencia como solista con orquestra, músico de cámara e intérprete de recitais.

Roman Simovic conta cunha extensa discografía. Entre as súas gravacións máis destacadas figuran catro CD nos que dirixe a sección de cordas da London Symphony Orchestra para o selo LSO Live, así como un CD cos 24 caprichos de Paganini para violín só.

En novembro de 2024, o selo LSO Live publicou un novo CD con Roman Simovic como solista, no que interpreta o *Concerto para violín e orquestra* de Miklós Rózsa e o *Concerto para violín núm. 2* de Béla Bartók, acompañado pola London Symphony Orchestra baixo a dirección de Sir Simon Rattle e Kevin John Edusei. En agosto de 2026, LSO Live publicou o seu novo CD, dedicado ás seis sonatas para violín só de Eugène Ysaÿe.

Na temporada 2025/26, Roman actuou coa Filarmónica de Buenos Aires no Teatro Colón, a Magdeburg Philharmonic Orchestra, a Aalborg Symphony Orchestra, a Athens State Orchestra, L'Orchestre International de Genève, a Opéra National de Lorraine, a Staatskapelle Weimar, a Orquestra Filarmónica de Minas Gerais e a Orquestra Sinfónica do Estado de São Paulo, ademais de realizar unha xira por Xapón na que actuará no Oji Hall, coa Tokyo Metropolitan Symphony Orchestra e coa Nagoya Philharmonic Orchestra, entre outros compromisos.

Roman Simovic é concertino da London Symphony Orchestra desde 2010.

Roman Simovic toca un violín Antonio Stradivari de 1709, cedido xenerosamente en préstamo por Jonathan Moulds.

NOTAS AO PROGRAMA

O programa desta noite leva por título *Espírito indomable* e nel teremos ocasión de escoitar o *Concerto para violín núm.1* de Magnus Lindberg (1958), compositor en residencia da Real Filharmonía nesta temporada, e logo, un dos cumios do sinfonismo romántico: a *Sinfonía núm. 7 en Re m,* Op.70 B.141 de Antonín Dvořák (1841-1904).

Magnus Lindberg (1958) é un dos autores máis destacados do panorama musical finlandés. Naceu en Helsinqui e os seus inicios na música foron co piano. Posteriormente, ingresou na prestixiosa Academia Sibelius, centro no que se formou en música electrónica cos mestres Osmo Linderman, Einojuhani Rautavaara e Paavo Heininen. Este último exerceu sobre el unha gran influencia e incentivouno a explorar a vangarda europea. Deste xeito, en 1980, impulsou con Hämeeniemi, Kaipainen, Saariaho e Salonen a asociación Ears Open Society que fomentou o achegamento á música contemporánea. Así mesmo continuou formándose en cidades como París e Siena. Outro fito importante da súa carreira foi a fundación do ensemble Toimii no que Lindberg tocaba o piano e a percusión e que serviu como laboratorio para algunha das súas obras máis importantes como *Kraft.* A finais dos anos 80 levou a cabo unha transformación estilística que o achegou cara unha especie de Clasicismo modernista no que destacan traballos como *Kinetics, Marea, Joy, Aura e Arena* (que tamén poderemos escoitar este ano da man da Real Filharmonía de Galicia). As súas composicións son interpretadas con frecuencia polas mellores orquestras a nivel mundial como a Filharmónica de Berlín, a Sinfónica de Chicago ou a Concertgebouw por só citar algunhas. O compositor ten recibido tamén importantes recoñecementos ao longo da súa traxectoria entre os que destacamos: Prix Italia (1986), Premio de Música Nórdica (1988), Premio Koussevitzky (1988), Premio da Sociedade Filharmónica Real (1992) e o Premio Wihuri Sibelius (2003). Ademais, foi compositor residente da Filharmónica de Nova York (2009-2012), da Orquestra Sinfónica da Radio SWR de Stuttgart (2011-12) e da Orquestra Filharmónica de Londres (2014-17).

O *Concerto para violín núm.1* estreouse o 22 de agosto de 2006 no Avery Fisher Hall de Nova York coa violinista Lisa Batiashvili acompañada pola Mostly Mozart Fes-

tival Orchestra dirixida por Louis Langrée (o Mostly Mozart Festival foi un importante evento de música clásica que se celebraba en verán na cidade de Nova York impulsado polo Lincoln Center). Despois desta *premier* a maioría dos críticos estiveron de acordo en consideralo un dos mellores concertos contemporáneos para o instrumento. A peza está escrita para violín solista, cun papel moi virtuoso, e acompañamento dunha orquestra de dimensións modestas ao estilo da época clásica. A pesar desta aparente escaseza de recursos, Lindberg é quen de explotar dunha maneira rica e complexa as texturas que pode extraer do colectivo. A súa estrutura divídese en 3 partes e destaca especialmente a cadencia situada cara o final na que o compositor desprega un claro coñecemento das distintas técnicas que o violín pode ofrecer.

Na segunda parte do concerto a Real Filharmonía interpretará a *Sinfonía núm. 7 en Re menor,* Op. 70, B.141 de Antonin Dvořák. O compositor naceu en Nelahozeyes (Bohemia) o 8 de setembro de 1841 e morreu en Praga o 1 de maio de 1904. Estudou violín, órgano e piano na Escola de Organistas de Praga e partir de 1862 conseguiu unha praza como viola na orquestra do teatro da mesma cidade. Posteriormente, traballou como organista na igrexa de San Adalberto da capital checa e nos anos sucesivos comezou un periplo por cidades e países europeos que o levou ata Viena (onde coñece a Brahms), Inglaterra, Hungría, Alemaña ou Rusia. En 1890 foi nomeado Doctor *Honoris Causa* pola Universidade de Cambridge e entre 1892 e 1895 trasladouse aos EUA para traballar no Conservatorio de Nova York como profesor e director da institución. Os últimos anos de volta na súa patria supoñen o recoñecemento internacional definitivo. En relación ao seu estilo podemos afirmar que mestura a tradición clásica europea –especialmente a influencia xermánica de Brahms ou Wagner– co apego ao folclore eslavo e ás danzas nacionais da súa rexión, incluíndo nalgúns traballos tamén certos elementos da música india americana. Dentro do seu catálogo destacan 9 sinfonías (a máis coñecida, a última, "Do Novo Mundo"), o *Te Deum*, a ópera *Rusalka* e as *Danzas eslavas.*

A *Sinfonía núm. 7 en Re menor,* Op. 70, B.141, coñecida como "gran sinfonía en re

menor" para diferenciala da núm. 4 escrita na mesma tonalidade, foi composta entre decembro de 1884 e marzo de 1885. A estrea tivo lugar o 22 de abril de 1885 en Londres, xa que fora un encargo da Real Sociedade Filharmónica desta cidade, entidade que o nomeara recentemente socio de honra. Está dedicada ao director Hans von Bülow quen foi un dos intérpretes máis importantes deste traballo e despois da novena e da oitava é unha das máis populares. A sinfonía foi escrita nun momento bastante tráxico do seu periplo vital xa que coincide coa morte de súa nai, do seu fillo maior e do seu admirado Smetana. A composición supuxo un verdadeiro esforzo mental e moito traballo tal e como recoñeceu o propio autor nunha carta ao seu amigo Antonín Rus: «Nestes momentos estou ocupado coa miña nova sinfonía para Londres e alá onde vou, non penso noutra cousa que non sexa esta nova obra que debe ser capaz de conmover ao mundo. Que deus queira que así sexa!». A nivel estilístico, aínda que hai presencia de elementos nacionalistas, estes son máis escasos que noutros traballos e predomina aquí a influencia xermánica de autores como Brahms ou Wagner. A obra estrutúrase en 4 movementos –*Allegro maestoso*, *Poco adagio*, *Scherzo* e *Finale*– sendo o máis coñecido o terceiro.

O primeiro movemento é unha forma sonata clásica coas tres seccións habituais (exposición-desenvolvemento-recapitulación) máis unha coda. Os dous temas principais da exposición son realmente contrastantes. O primeiro comeza de maneira sombría e case ameazante e moitos autores afirman que Dvořák inspirouse para escribilo na chegada á estación de Praga dun tren cargado de revolucionarios contrarios ao vello imperio dos Habsburgo; porén, o segundo tema presenta un carácter máis lírico e pastoral que nos traslada ao mundo rural. Na sección do desenvolvemento trabállase sobre os temas expostos anteriormente e logo virá a recapitulación na que o material aparece comprimido e fundido. Os violonchelos dan paso a unha breve coda onde volvemos a escoitar o tema sombrío do inicio da exposición.

A continuación, *Poco adagio*, un dos momentos sinfónicos máis logrados do compositor, no que a influencia xermánica de autores como Wagner queda patente. Iníciase cun coral de madeiras cun pa-

pel destacado de clarinete, fagot e óboe. Logo seguirán distintos elementos temáticos nunha forma bastante libre e no final recupérase o tema inicial, esta vez en violíns e violas antes de dar paso de novo ás madeiras. Dvořák acortou moito este movemento despois da estrea, dando lugar a unha nova versión que é a que máis se interpreta na actualidade.

Seguidamente, *Scherzo-Vivace*, sen dúbida o movemento "máis checo" de toda a sinfonía. Como acostuma a ser frecuente a estrutura é tripartita da maneira seguinte: *Scherzo-Trío-Scherzo*, sendo as seccións extremas máis rítmicas e a parte central máis melódica. O *Scherzo* toma características da *furiant*, unha danza de orixe bohemia caracterizada pola presenza de ritmos cruzados como o efecto que se da neste caso entre o tema presentado por fagots e violonchelos fronte ao acompañamento de violíns e violas. A chegada do *Trío* supón un cambio brusco de carácter cara un universo máis calmado e bucólico cun claro predomino dos instrumentos de vento madeira. O inicio duns *pizzicatos*, seguidos dunha pequena pasaxe de transición, dan paso de novo ao espírito enérxico e danzarín da primeira sección.

O *Finale-Allegro* no que se mesturarán distintas influencias como a música cíngara, os ritmos de marcha ou o lirismo eslavo, pon fin a esta sinfonía. Trátase dun movemento de espírito rapsódico no que se sucederán distintos temas e que pode entenderse tamén como unha forma sonata pero un pouco máis libre que no primeiro movemento. Ao inicio escoitaremos unha idea ao unísono en clarinetes, trompas e violonchelos. Pouco a pouco vaise sumando o resto da corda, o vento madeira e o metal ata alcanzar un primeiro clímax. O segundo tema é unha especie de marcha patriótica de rimo marcado e logo unha terceira melodía iniciada polos violonchelos pasa pouco a pouco por outras seccións da orquestra. A sinfonía acaba de maneira apoteótica e liberadora na tonalidade homónima de Re Maior.

Un programa conformado pos dúas obras de estilos ben diversos no que a tradición e a música de vangarda conviven en harmonía, xa que tal e como sinala o director Baldur Brönnimann referíndose á música de Lindberg: «innovar non significa esquecer a tradición, senón dialogar con ela».

Carme Tubío Barreira

MEMORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

AUDITORIO DE GALICIA

PRÓXIMO CONCERTO

CONTRAFACTUM

XOVES 12 NOVEMBRO
Auditorio de Galicia, 20.00h

Jordi Francés, director

Eva Gevorgyan, piano

- Josep Planells: Contrafactum (Encarga da RFG. Estrea absoluta)
- Sergei Rachmaninov: Concerto para piano e orquestra núm. 1
- Jean Sibelius: Sinfonía núm. 5 en Mi bemol maior, Op. 82

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS
981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM
@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK
RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

X
@CCultura

TIKTOK
@realfilharmoniadegalicia

CONSORCIO DE SANTIAGO · GOBIERNO DE ESPAÑA · CONCELLO DE SANTIAGO · XUNTA DE GALICIA · AUDITORIO DE GALICIA · Deputación DA CORUÑA · Compostela Cultura